

DEPARTAMENTO DE LINGUA INGLESA
CURSO 2021-2022
CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO
ALUMNADO

Avaliación inicial

- Data prevista de realización : durante a primeira semana do mes de setembro
- Proba (proba tipo test, preguntas e respostas, redacción de textos, proba oral, etc.)
- Mecanismo para informar ás familias : A plataforma Abalar, os tutores a orientadora e o propio profesor da materia
- Consecuencias dos resultados da proba: reforzos e adaptacións curriculares previaconsulta na avaliación inicial

Traballo diario

Co obxectivo de fomentar a constancia no traballo o profesorado poderá controlar as tarefas realizadas polo alumno sempre que o considere necesario, sen previo aviso, para avaliar ao alumnado. A cualificación destes controis formará parte da nota do **traballo diario** que será valorado segundo se especifica mais adiante.

Primeiro ciclo da ESO : 20%

- *classroom participation 0.5 puntos*
- *notebook 0.5 puntos*
- *material e homework 1 punto*

Segundo ciclo da ESO e Bacharelato :10%

- *classroom participation 0.5*
- *material and homework 0.5 puntos*

Probas escritas

As **probas** fixadas en cada avaliación deberán realizarse nas datas previstas, sendo precisa a xustificación documentada médica no caso de ausencia a dita proba. Se fose posible, comunicarse a ausencia con antelación, e de non poder ser así, o alumnado deberá poñerse en contacto co profesorado tan pronto como se incorpore ó centro.

Farase como mínimo **UNHA** proba escrita por avaliación.

Recuperación da materia suspensas

Dado o carácter progresivo da materia, non se farán exames de recuperación senón que ó obter un resultado positivo na cualificación da seguinte avaliación, automaticamente queda recuperada a anterior. No que se refire á avaliación e cualificación da destreza ORAL, o profesorado decidirá –en función do número de alumnos e das características dos mesmos- se realiza unha proba específica oral ademais de valorar a participación diaria nas actividades orais levadas a cabo na aula.

Copiar en exames

Asemade, establécese que calquera actitude fraudulenta por parte do alumno (p.e., “copiar” nas probas escritas ou suplantar a autoría dun traballo) suporá a perda de todos os puntos ao longo do trimestre.

Se algún alumno copia nun exame, proba ou traballos non poderá volver repetilo, quedando suspensa a avaliación. Poderá recuperar a materia na seguinte avaliación. No caso de que sexa na última avaliación ou en setembro quedará suspensa

CUALIFICACIONES
AVALIACIÓN ORDINARIA

%	1º e 2º ESO	3º e 4º ESO	1ºBAC	2º BAC	FP BASICA
Listening	10%	10%	10%	10%	
Speaking	15%	15%	10%	10%	
Reading	15%	15%	15%		10%
Writing	15%	15%	15%		15%
Grammar	15%	20%	20%		25%
Vocabulary	10%	15%	20%		20%
Personal work	20%	10%	10%	10%	30%
Proba Abau				70%	

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

A calificación EXTRAORDINARIA será exclusivamente a do exame oficial. Non è posible facer probas orais por cuestións de tempo e espazo.

%	1º e 2º ESO	3º,4º ESO	1º Bach	2º Bach	F P
Reading	20%	20%	20%		20%
Writing	20%	20%	20%		25%
Vocabulary	30%	30%	30%		25%
Grammar	30%	30%	30%		30%
Proba ABAU				100%	

Aínda que estas son as porcentaxes das probas ordinarias e extraordinarias, durante o transcurrir do curso poden sufrir modificación por falta de tempo no tratamento das distintas destrezas. Estes posibles cambios nas valoracións comunicaránse ao alumnado antes da realización das probas.

2º de Bacharelato : Faráse en unha proba única por trimestre seguindo o modelo da ABAU

Este curso escolar, como no anterior, para fomentar o feito de ler usaranse as bibliotecas de aula dos fondos do Departamento coa finalidade de que sea o propio alumno o que de xeito voluntario elixa a lectura que máis lle interese dunha escolma levada a cabo polo seu profesor . A realización dun traballo sobre o mesmo en forma de Video Report – tamén de xeito voluntario- será tido en conta polo docente, podendo incrementar a nota final do alumno **ata nun 10%**. No nivel de primeiro de Bacharelato **é obrigatoria a lectura dun “graded reader”** que terá unha valoración na nota da avaliación **dun 10%**.

ABANDONO DA MATERIA

Dado que unha lingua é un todo integrado, aqueles alumnos que abandonen perden a posibilidade de que se lles faga nota media entre todas as probas feitas e as anotacións diarias realizadas polo profesorado. Polo tanto, a nota global da avaliación será Insuficiente, isto tamén é válido para a avaliación ordinaria e a extraordinaria.

Enténdese por abandono o feito de non realizar as tarefas sistemáticamente ou as probas específicas e non acadar en cada unha delas unha cualificación de máis de **DOUS sobre DEZ**.

CUALIFICACIÓN FINAL ORDINARIA

A cualificación FINAL ordinaria obterase aplicando as seguintes porcentaxes á nota de cada avaliación:

1ª avaliación: 20%

2ª avaliación: 30%

3ª avaliación: 50%

Considerase que o alumno que acade un **cinco na terceira avaliación** tras a entrega do 80% dos traballos ou tarefas que deba presentar superará a materia por ser avaliación continua. Do mesmo xeito, o alumnado que non acade un cinco na terceira avaliación nen teña entregado un mínimo do 80% dos traballos de obrigado cumprimento suspenderá esta materia e deberá presentarse á convocatoria extraordinaria. Todos os traballos solicitados así como a presentación de cadernos e exercicios do workbook deberán entregarse **na data establecida** polo profesor.

Nembargantes, se un alumno deixa en branco as partes do exame adicadas ás destrezas de reading (comprensión lectora) e writing (expresión escrita) ou non realiza as probas orais esixidas para cada nivel non poderá acadar unha nota positiva na materia.

REDONDEO

No caso de decimais na nota final o redondeo farase por aproximación sendo un 4.5 considerado como un 4 e a partir do 4.6 como un 5 . Isto é aplicable ao resto de calificacións numéricas.

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

A avaliación do alumnado nos ámbitos que conforman o programa de FP Básica terá como referente fundamental as competencias e os obxectivos da educación secundaria obrigatoria, así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeles. Esta avaliación será continua e diferenciada, segundo os ámbitos do programa e as materias.

A nota da materia de inglés será o 30 % do ámbito sociolingüístico

O alumnado de 2º coa materia pendente do curso anterior realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao longo do curso, e a avaliación será competencia do profesorado que o imparta, coa colaboración do departamento.

Para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, o alumno que promociione a segundo curso coa materia ou co ámbito sociolingüístico do programa pendentes, deberá seguir un programa de reforzo adaptado ás súas características e necesidades

CINE EN VO EN LINGUA INGLESA

Terase en conta :

- a) Corrección dos traballos realizados en clase e tamén dos que leven a cabo en casa.
- b) Nivel de participación e de achega de comentarios e ideas durante o desenvolvemento de todas as actividades.
- c) Realización individual dun cuestionario final de avaliación-valoración da actividade.
- a) Nivel ou grao de concienciación ao redor dos problemas tratados.
- c) Capacidade de reflexión e análise sobre os temas e problemas expostos en clase.
- d) Participación individual e colectiva.
- e) Aceptación das normas establecidas.

As cualificacións das avaliacións formativa e sumativa reflectirán tanto a avaliación formativa

como a sumativa , e dicir, non só os coñecementos do alumno, senón tamén o esforzo persoal, a creatividade, o traballo responsable e diario, as destrezas adquiridas, a participación activa, a atención prestada na clase, así como o comportamento e actitude en xeral.

Dada a característica da nosa materia, non haberá probas de recuperación das avaliacións suspensas, considerando que o nivel acadado ao final de curso será o que determine o aprobado ou o suspenso.

En cada avaliación se realizarán diferentes probas orais e escritas que inclúan as 4 destrezas lingüísticas: Listening speaking reading and writing.

- A ponderación da avaliación será:
 - **Competencia lingüística:** 70% grammar, vocabulary, translation, reading , listening and speaking
 - **Competencias aprender a aprender e competencia social e cívica:** 30% actitudes, uso do inglés , métodos de traballo, participación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO EN ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA

O profesorado enviará o temario e actividades de preparación de cada un dos temas recollido na programación de cada materia .

O traballo realizado na casa non será avaliable, é material para preparar o exame

En cada avaliación haberá un calendario de exames que se levarán a cabo sempre en presenza do profesorado de Atención educativa domiciliaria que será o encargado de que se cumpran as garantías de obxectividade e autonomía na realización das probas.

A nota do exame será a nota da avaliación.

No terceiro trimestre, xunto co exame da terceira avaliación, realizaráse a recuperación daquelas avaliacións que estean suspensas.

A nota final será a correspondente á media das 3 avaliacións.

Se a nota media é inferior ó 5 o alumno deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro no que entrará toda a materia.

En caso de que un exame non se poida realizar por causa médica (deberá presentar un xustificante médico) o exame se poderá realizar no día seguinte no que estea o profesor de atención educativa domiciliaria presente.

No caso de que non se poida realizar un exame sen falta debidamente xustificada, a avaliación quedará suspensa cun 1 e realizará o correspondente exame de avaliación na primeira semana da avaliación seguinte.

O alumno non poderá usar medios de consulta nos exames: apuntes, internet ou calquera outro medio de consulta que comprometa a obxectividade da proba. No caso de facelo considerarase que está copiando polo que o exame será calificado cun 0 (no boletín de avaliación figurará a nota mínima na ESO, 1 punto).

Aqueles alumnos que polas súas características necesitan adaptación no acceso os materiais e/ou contidos e que non utilicen os medios especificados polo Equipo de orientación específico, o seu exame será calificado cun 0 (no boletín de avaliación figurará a nota mínima na ESO, 1 punto).

Se durante o curso prodúcese a suspensión das clases presenciais, os contidos serán

enviados a través de medios telemáticos e, a avaliación, será tamén nun único exame por avaliación pero este será realizado por medios telemáticos que determinará cada profesor: Webex, aula virtual etc...

CRITERIOS DE AVALIACIÓN NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA

NON HABERÁ EXAMENES ONLINE, o alumnado terá que enviar as tarefas que lle envíe o profesorado.

No caso dun escenario telemático por un confinamento de 10-14 días, o alumnado entregará un traballo cos contidos que se estean dando nese momento en forma dunha presentación oral: o resultado dese traballo que computará un 10% na nota do trimestre

Se o confinamento é total, aplicaranse as porcentaxes do derradeiro trimestre do curso pasado pero os que non as non entreguen penalizarán na mesma porcentaxe. É dicir, un máximo de 1,5 puntos positivos ou negativos sobre as notas obtidas en presencialidade.

Ademáis da entrega de tarefas, avaliaríase:

- unha presentación oral grabada en video,
- un guided writing
- un reading comprehension .

A CORUÑA A 15 DE SETEMBRO DE 2021